

CONCELLO DE MUXIA  
(A Coruña)  
Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)

Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
correo@muxia.es

www.concellomuxia.com

**ACTA NÚMERO: 7/2020**

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, VENRES 23 DE XULLO DE 2020 -

Hora comezo: 12:00 horas

Hora remate: 13,40 horas

No día de hoxe,, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

**ASISTEN:**

Santiago M. Toba Campaña

Javier Romar Alvarellos

Olalla Benlloch Lema

Irma Lucia Garcíá Barcia

Mónica Vilela Vilela

Manuel Caramés López

Tania Romero García

Sandra Vilela Lagoa

Javier Lema Suárez

Sofía López Simón

Carlos Fernández Concheiro

SECRETARIA: M ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

INTERVENTORA: MONICA IGLESIAS PREGO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na ORDE DO DÍA

1.- Aprobación acta sesión anterior

2. Dar conta decreto de cese e delegacións.

3.-Proposta retirada DE e retribucións

4.- Proposta sobre reclamación modificación puntual RPT

5.-Proposta sobre alegación orzamento 2020

6.-Dar conta modificación redacción convenio estrada Faro Touriñán.

7.-Recoñecemento extraxudicial de crédito 3/2020

8.- Moción gm PP sobre acto homenaxe

9.- Moción gm PP sobre Lei de Costas

10.-Proposta acordo gm PP sobre ingreso mínimo vital

11.- Moción gm PP sobreempregos de Alcoa

12.-Proposta recuperación vía pública en Castelo

13.-Control órganos de goberno. Rogos e preguntas.

**1.-APROBACION ACTA SESIÓN ANTERIOR:**

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

**2.-DAR CONTA DECRETO DE CESE E DELEGACIONS.**

A secretaria expoñe que se dá conta ao pleno do Decreto de data 23 de xuño 2020 polo que o Sr Alcalde

procedeu ao cese de Dna Mónica Vilela como Concelleira delegada, integrante da XGL e Tenente de Alcaldía, así como ao nomeamento de D Javier Romar Alvarellos como primeiro Tenente de Alcalde e membro da Xunta de Goberno Local.  
O pleno queda enterado.

### **3.- PROPOSTA DE RETIRADA DE DEDICACION EXCLUSIVA E RETRIBUCIONS**

Os grupos municipais teñen copia da Proposta neste punto.

Intervén o Sr Alcalde: “ En coherencia co goberno que quero facer, e tendo retirada a delegacións a unha concelleira segundo se dixo no punto anterior, creo ético que ao non ter delegacións e por tanto dedicación non teña tampouco retribucións.”

D Carlos Fdez no seu turno expón:” non deberíamos de estar aquí a esta hora, nun pleno extraordinario que sustitúe a un ordinario e que debería de celebrarse ás 20 h.

En relación ao tema do punto, lembrando a Castela que “soñaba cun país libre de pleitos”, o BNG non vai entrar neste, nestes pleitos e vamos abstermos. Estes conflitos deben solucionarse dentro das formacións políticas e chamo á responsabilidade e compromiso cos votantes deste Concello para que esto se solucione. Podemos chegar ao absurdo de que se cobre sen ter responsabilidades pero é un asunto de responsabilidade política e persoal.”

Sometido o asunto a votación, a proposta de alcaldía é rexeitada polos votos a favor do Sr Alcalde, Sr Romar Alvarellos e Sra Benloch, e os votos en contra do g.m PP (3), de Dna Mónica Vilela, Dna Tania Romero, Dna Irma García e D Manuel Caramés, e coa abstención de D Carlos Fdez Concheiro

### **4.- PROPOSTA SOBRE RECLAMACION MODIFICACION PUNTURAL RPT.**

A Secretaria explica que os grupos municipais teñen copia da proposta de Alcaldía neste punto, de rexeitamento á alegación presentada.

Intervén D IagoToba, Alcalde: “ Coa finalidade de mellorar as condicións laborais e falado cos sindicatos, realizáronse cambios puntuais na RPT, en concreto en relación a este posto ( actividades culturais). Os sindicatos en Mesa de Negociación non manifestaron oposición, pero a traballadora afectada presentou recurso. Entendo a súa postura pero propoño o rexeitamento do recurso polos motivos expostos na Proposta.”

Intervén D Carlos Fdez. “Votarei en contra, xa expuxen a miña postura no anterior pleno”.

Sometido o asunto a votación, a proposta de Alcaldía é rexeitada por tres votos a favor da mesma do Sr Alcalde, Sr Romar Alvarellos e Sra Benloch, e os votos en contra do resto dos integrantes do Pleno (8). Por elo a modificación puntual da RPT no contido do posto de Cultura ao que o recurso se refire, , queda aprobada sin o inciso: Atención ao público na biblioteca municipal (préstamo-devolución).

### **5.-PROPOSTA SOBRE ALEGACION AO ORZAMENTO 2020.**

A secretaria manifesta que os grupos municipais teñen copia da Proposta, xa informada pola Comisión informativa en sentido favorable.

O Sr Alcalde expón: “ Hai un informe de intervención respecto á forma e ao fondo da alegación. (procede a dar lectura a fragmentos do mesmo). Trátase dun informe favorable á desestimación da alegación, do que teñen coñecemento todos os concelleiros.”

Intervén seguidamente Dna Sandra Vilela, voceira do g.m PP: “ Temos unha certa preocupación por este tema. Fálase moito de diálogo nesta lexislatura pero non é así. O diálogo é importante e tamén as formas, e si tiveras un mínimo de diálogo cos teus propios compañeiros ou coa oposición, non estaríamos aquí. Collemos datos de 2017, último orzamento aprobado e debemos de ser comedidos. “

No seu turno de intervención, D Carlos Fdez, expón: “ O informe de intervención é contundente e esta en contra da alegación. Os orzamentos foron aprobados por ampla maioría, a xente de Muxía votou a unha

forza política e tiña responsabilidade de aprobación dos orzamentos. Non está ben intentar influenciar a política con trucos legais.

Chamo á responsabilidade, os orzamentos foron aprobados e teñen que entrar en funcionamento porque é o que queren os cidadáns.”

Sometido o asunto a votación, votan a favor do rexeitamento da alegación o Sr Alcalde, Sr Romar , Sra Benlloch e D Carlos Fdez. Votan en contra o resto dos integrantes do Pleno (8).

Á vista da votación a Secretaria pide que o Sr Alcalde de a palabra á interventora xa que se prantexa un problema legal co resultado da votación.

A Sra interventora procede a dar lectura aos artigos 165 TRLHL e 16 do R.D. 500/90, que no seu apartado 1 di:

1. Cada uno de los Presupuestos que se integran en el Presupuesto General deberá aprobarse sin déficit inicial (art. 146.4, LRHL).

2. Asimismo, ninguno de los Presupuestos podrá presentar déficit a lo largo del ejercicio; en consecuencia todo incremento en los créditos presupuestarios o decremento en las previsiones de ingresos deberá ser compensado en el mismo acto en que se acuerde.

---

Polo tanto, neste acto, continúa a Interventora, debe decirse a cuantía dos gastos que deben de rebaixarse.

Dna Sandra Vilela manifesta descoñecer esa esixencia e pide unha pausa no Pleno para reunirse coa intervención e plantexar o esixido.

O Sr Alcalde suspende por 5 minutos a celebración do Pleno, abandonando o Salón de sesións os integrantes do g.m. PP e a Sra Interventora. O Sr Alcalde invita ao resto de concelleiros/as que votaron en contra neste punto a asistir á xuntanza coa interventora, non aceptando estos.

Son as 12.25 horas.

Sendo as 12.40h reanúdase a sesión.

Intrvén Dna Sandra Vilela: “ Comprendo o que está pedindo a Intervención e propoñemos redución das seguintes partidas:

151.227: 10000€

160.: 5000€

161.224.00: 4000€

171.619.00: 29400€.

A interventora manifesta que revisará as partidas propostas porque “agora mesmo non podo constatar que sexa posible, pode haber gastos comprometidos”.

A secretaria manifesta que o acordo adoptado en contra dun informe tan rotundo de Intervención, cunha proposta de redución de gastos non controlada pola intervención, non se axusta a dereito, polo que se formula advertencia de ilegalidade .

## **6.- DAR CONTA MODIFICACION REDACCION CONVENIO ESTRADA FARO DE TOURIÑAN.**

A Secretaria explica que por indicación da Autoridade Portuaria, a Alcaldía substituíu na páxina do convenio aprobado polo Pleno a palabra transmisión pola de mutación demanial.

O Pleno queda enterado.

## **7.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO 3/2020.**

O Sr Alcalde manifesta: “Puxéronse en contacto con nós os da empresa de balnearios por dúas facturas que non estaban abonadas do ano 2018 e 2019. Tamén hai un premio do que non constan bases.

Doulle a palabra a Dna Irma García, para que explique o relativo ás facturas dos balnearios.

Dna Irma García manifesta: “ Eu só pedía tres orzamentos que se pasaban a intervención e partir d e aí non sei máis. En 2017 díxenlle á empresa que enviase documentación e non sei porque non aparece a factura de 2018 e 2019. Non é responsabilidade miña. Non me gustou que aparecese no informe de intervención o meu email e ese correo non o teño.”

Dna Sandra Vilela intervén: “ Aprobáronse neste pleno rec con anterioridade e se houbo un traspapeleo non vexo a que se arma esto. O pleno está para votar e facémolo pensando no ben de Muxía. Se hai unha empresa que está dous anos sin cobrar, será por deixadez ou o que sexa.”

D Carlos Fdez manifesta: “ Como sempre creo que a empresa debe de cobrar e espero que se siga o que di o informe de Intervención de cambiar prácticas. En canto Fundación López Abente, quería saber a situación na que está, e penso que tivo unha actuación catastrófica.”

O Sr Alcalde intervén: “ A miña preocupación é que a premiada cobre e encargo por elo un informe a intervención sobre o que pode pasar. Non hai bases ni nada respecto ao premio. Trátase de subsanar o erro.”

Sometido o asunto a votación, coa abstención dos tres integrantes do g.m PP e o voto a favor do resto, o Pleno acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 3/2020 condicionado a aprobación definitiva do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2020 por importe de 16.028,00 euros, e recoñecer as obrigas que se deriven del, co seguinte detalle:

Nº e data da factura	Provedor	Concepto	Importe
AR 6478 de 10/05/2018	CALDARIA TERMAL, S.L.	ESTANCIA DE O DE MUXIA 07/05/2018	6.834,00
AR 70894 de 29/03/2019	CALDARIA TERMAL, S.L.	ESTANCIA GRUPO DE MUXIA 25/03/2019	7.194,00
	ANA VARELA MUIÑO	PREMIO POESIA GONZALO LÓPEZ ABENTE	2.000,00

**SEGUNDO.-** Resolver as discrepancias prantexadas, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente, procedendo a levantar o reparo interposto pola intervención municipal, ós efectos procedimentais de continuación coa tramitación do expediente aprobatorio das facturas da relación indicada.

**TERCEIRO.-** Condicionar a aprobación do presente recoñecemento extraxudicial a aprobación definitiva do orzamento xeral ara o ano 2020.

## **8.- MOCION GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE ACTO HOMENAXE**

Intervén Dna Sandra Vilela: “ Fai tempo que presentamos esta Moción e a idea era manifestar o noso agradecemento a esas persoas, que aínda que sexa o seu traballo, nunha situación tan delicada e con tanta presión tiveron unha actuación sensible.”

D Carlos Fdez expón: “Estón de acordo con facelo cando a situación o permita. Tamén debería de citarse ao SAF, ao persoal de limpeza, etc, aínda que supoño está incluído no “persoal municipal “ mencionado na moción. A mellor homenaxe pode ser aproveitar o incremento de CE para aumentar os soldos máis baixos.”

O Sr Alcalde manifesta: “ O traballo do persoal foi magnífico e non necesitei o Covid para darme conta dos profesionais que temos. Non sei por que foron atacados no seu momento.”

Sometido o asunto a votación, por unanimidade dos integrantes de dereito e feito do Pleno, a Moción queda aprobada.

## **9.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE LEI DE COSTAS.**

A Sra Vilela expón: “É a segunda vez que traemos a moción a Pleno. Se a Lei se aproba moitas industrias da comarca van ter que pechar e cremos que as empresas acuícolas son compatibles co medio ambiente. O PSOE de España anunciou a paralización do proxecto da lei pero vemos que non é así.”

D Carlos Fdez Manifesta: “Creo que a Lei está pensada para o Mediterráneo, para actividades recreativas e creo que Galicia debería de poder decidir sobre os seus propios asuntos e sobre a nosa costa.”

O Sr alcalde explica: “ Dixéronme que o proxecto de Lei estaba parado pero creo que non costa nada apoiar aos traballadores e votaremos a favor aínda que non estemos totalmente de acordo cos argumentos.”

Sometido o asunto a votación, por unanimidade o Pleno aproba a moción obxecto do punto da Orde do Día e polo tanto:

-Instar ao Goberno de España a que deixe sen efecto a proposta de modificación dos prazos concesionais en zona de dominio público marítimo terrestre formulada por medio do artigo 18 do proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.

## **10.- PROPOSTA GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE INGRESO MINIMO VITAL**

Dna Sandra Vilela explica brevemente o contido da moción.

Intervén D Carlos Fdez: “É unha moción espesa e feita en español. Foi iniciativa da Xunta de Andalucía e nós ímos detrás. Por que pode facelo Euskadi, Cataluña ou Navarra e nós non? Quizáis porque non votamos como debemos. Esto é unha hipocresía política.”

O Sr Alcalde anuncia a abstención “pois non temos claro e non cremos que estea ben feita.”

O pleno, polos votos a favor do grupo municipal do PP e a abstención do resto dos integrantes do Pleno, aproba a moción referida e polo tanto, instar ao Goberno de España, e en concreto ao Ministerio de S. Social e Migracións a:

1-Crear un novo fondo que permita a aquelas EE.LL que asuman a xestión desta nova prestación, por medio de convenios con Instituto Nacional da S. Social, atender dita xestión de maneira adecuada e sen poñer en risco a tramitación das axudas sociais xa existentes nas mesmas.

Sen eses fondos adicionais, será inviable para as EE.LL. Xestionar esta nova prestación estatal, e polo tanto será inviable a sinatura destes convenios de colaboración.

2-Enviar, de forma urxente e antes de que esta prestación entre en vigor, a todas as EE.LL o borrador do texto de convenio que terían que asinar para xestionar o Ingreso Mínimo Vital, para que podan analizar cos seus servizos técnicos as implicacións económicas, xurídicas e de xestión que se derivan de dito convenio, e valorar axeitadamente se a entidade local pode asumir esa xestión ou a mesma permanece no Instituto Nacional da S. Social.

3- Garantir que todas as CC.AA podan participar da mesma maneira na tramitación e/ou xestión desta axuda se consideran que é o máis axeitado para os cidadáns.

4-Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, ao Vicepresidente segundo e Ministro de Dereitos Sociais e Axente 2030, ao Ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e aos voceiros dos grupos políticos do Congreso, Senado e das Cortes/Parlamento/Asamblea.

## **11.- MOCION GRUPO MUNICIPAL PP SOBRE EMPREGOS DE ALCOA**

Dna Sandra Vilela intervén: “Queríamos que esta moción fora ao pleno ordinario de xuño porque queríamos apoiar a Alcoa antes das eleccións.”

D Carlos Fernández Concheiro manifesta: “ Non votarei a favor e elo porque o BNG fixo unha proposta de enmenda á moción sobre a tarifa eléctrica galega e non se aceptou. Somos un país produtor de enerxía e non se nos paga nada por ela. Nalgún punto estamos de acordo.”

O Sr Alcalde anuncia tamén a abstención-

O pleno, con sete votos a favor do grupo municipal PP (3) e Srs/as López Caramés, García Barcia, Vilela Vilela e Romero García, e a abstención do resto de integrantes do pleno, acorda aprobar a moción e por elo:

- 1-Manifestar o apoio da institución aos traballadores e tratalladoras afectados directa e indirectamente polo anuncio de peche da produción de aluminio en Alcoa San Cibrao.
- 2-Solicitar ao Goberno de España que sexa contundente á hora de defender a continuidade da produción de aluminio primario en España e busque unha solución inmediata para que non paren as cubas, así coma para que ningunha persoa traballadora perda o seu emprego que inclúa as seguintes medidas:
  - Aprobar de maneira inmediata o Estatuto de consumidores Electointensivos coas alegacións presentadas ao borrador polos traballadores, os gobernos de Asturias, Cantabria e Galicia, e pola propia industria electointensiva.
  - Convocar urxentemente a poxa de interrompebilidade para o segundo semestre de 2020, polo menos co mesmo importe que opasado ano, con bloques de MW para as empresas hiper-electointensivas.
  - Autorizar o máximo importe permitido pola Unión Europea para compensar os custos indirectos de emisión de CO2.
  - Elaborar un plan específico para este sector coobxectivo de optar aos fondos que ten previsto repartir a UE para impulsar unha recuperación sostible, equitativa, inclusiva e xusta a través dunha resposta eficaz en favor dunha Europa ecolóxica, dixital e rsiliente.
- 3.-Solicitar da Xunta de Galicia que manteña a súa lealdade institucional e asúa oferta de colaboración co Goberno na posta en marcha destas medidas, como ten feito de maneira permanente desde que saltaron as primeiras alarmas en outubro de 2018.

## 12.-PROPOSTA RECUPERACION VIA PUBLICA EN CASTELO

O Sr Alcalde explica que este asunto foi introducido na Orde do Día do pleno sen informativa previa. O Pleno amósase conforme.  
Consta proposta de Alcaldía remitida aos grupos municipais.

Intervén D Carlos Fdez: “ É a recuperación dun ben inventariado e non hai opción. Pediría que non volva a pasar algo como este tema porque o informe estivo gardado durante meses e tiven que insistir á Alcaldía para traelo a pleno.”

O Sr Alcalde resposta: “A interesada viño a falar conmigo moitas veces e sempre a atendin. O informe estaba feito e deuselle copia do expediente.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, polos votos a favor do Sr Alcalde, Dna Olalla Benlloch e os integrantes do gm PP (3) e o Sr Carlos Fdez, a abstención do Sr. Javier Romar, e os votos en contra do Sr Caramés, Dna Irma García, Dna Tania Romero e Dna Mónica Vilela, acorda:  
Proceder á recuperación do ben público indebidamente ocupado( con pedras) no lugar de Castelo.-

## 13.-CONTROL ORGANOS DE GOBERNO. ROGOS E PREGUNTAS

Inicia as intervencións D Carlos Fdez: “ Respecto ao socorristas da Praia da Cruz e de Lago, que supoño terán a titulación esixida, debe de sinalizarse onde están e contar co equipamento preciso. Hai socorristas pero non hai bandeiras.

Podo saber quen deu permiso para unha festa gastronómica e quen obrigou a anulala?

Para cando a auga de Suxo?

Hai vecinos da Rúa da Barca e do Malecón que piden que se coloquen vadens nelas porque hai coches que pasan a moita velocidade e calquer día habrá un problema.”

Intervén seguidamente Dna Sandra Vilela: “ Trasládasenos unha preocupación de seguridade cidadana que ao parecer hai os fins de semana. Rogo que se atenda este tema.”

O Sr Alcalde explica: “ Houbo incidentes puntuais que se atenderán, e tamén o dos coches. Está convocada unha Xunta de Seguridade á que asistirá a Subdelegada do Goberno na que trataremos este asunto. Os vadens están solicitados, tamén para os núcleos rurais. Os que dependen doutros organismos vanse a pedir. En canto á auga de Suxo, eston esperando unha xuntanza con Augas de Galicia. A Deputación

comprometeume unha porcentaxe. Espero deixar resolto este asunto nesta lexislatura, tal e como me comprometín.

En canto ás festas, era unha actividade da comisión para recadar diñeiro que se ia a facer dunha maneira ordenada. Non se solicitou permiso e falei coa comisión porque si implicaba problemas era mellor suspendela.

Respecto aos socorristas, tomo nota do dito e tratarei de solucionarlo.”

E ao non existir máis asunto de que tratar na Orde do Día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión.

Do tratado nela EU Secretaria DOU FE.

O Alcalde

a Secretaria